



III FESTIVAL CINE DO MAR

DO 20 AO 26 DE ABRIL

ORGANIZA:

INSTITUCIÓNS:



III FESTIVAL CINE DO MAR

LUNS
20 ABRIL

MARTES
21 ABRIL

MÉRCORES
22 ABRIL

XOVES
23 ABRIL

VENRES
24 ABRIL

SÁBADO
25 ABRIL

DOMINGO
26 ABRIL

BIBLIOTECA PÚBLICA
VIDAL PAZOS

ESPAZO EMPREENDEDOR
PARQUE AZUL

OFICINA DE TURISMO

10:00-12:30 h
ESCOLA DE CINE E MAR
*Proxeccións: Homo
Plastic - Marinero en
tierra - L'oeuvre vive*
Contacontos:
BaraFunda Animación

11:00-13:30 h
GALICIA SABE A MAR
Showcooking
Chef Marcos S. Area
Restaurante É
40 prazas
Con inscrición previa

09:00-14:00 h

**VISITA
Á ILLA DE
SAN SIMÓN**

110 prazas
Con inscrición previa

CINE SEIXO

BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

19:30 h
INAUGURACIÓN

Presentación do
festival
a cargo de Carlos
Prado

Premio honorífico
Luz de Faro:
Carlos Blanco

Filme de
inauguración:
Rondallas
Daniel Sánchez
Arévalo

18:00 h
SECCIÓN ENSINO
CEIP Ardán -CEIP Reibón-
CEIP Seixo - CEIPP Sequelo -
CEIP Torre de Hércules - IES
Ramón Cabanillas

19:15 h
**SECCIÓN OFICIAL
DOCUMENTAL**
*A tarefa -
Un mar de mulleres*

20:30 h
Mesa redonda
**As mulleres do mar:
presente e futuro do
marisqueo**
Rita Pesqueira
Sandra Amezaga
Marina Buceta
Rita Míguez

19:00 h
**SECCIÓN OFICIAL
DOCUMENTAL**
*La mèn a nan san -
Si el silencio fuera azul -
Parangol*

20:00 h
**SECCIÓN OFICIAL
FICCIÓN**
*Buelta eta buelta -
Check-Out – Bajamar -
Inés*

20:30 h
*Os cetáceos
nas Rías Baixas*
Alfredo López
CEMMA

19:00 h
**SECCIÓN OFICIAL
DOCUMENTAL**
*En el nom de les flors -
Polbeiros -
Mar, sol, vent*

20:00 h
**SECCIÓN OFICIAL
FICCIÓN**
*El pasajero - S He –
Ultramarino -
Nas ondas do tempo*

20:30 h
Mesa redonda
**A creación audiovisual
en Galicia**
Carlos Prado
Adrián Porima
Xacobo Sanmartín
Alex Cancelo
Ángel Cea

19:00 h
**SECCIÓN OFICIAL
FICCIÓN**
*Fenicia -
Memórias com vista pro
mar*

19:30 h
Filme de clausura:
San Simón
Miguel A. Delgado

Presentación do filme
ARMH Marín

Miguel A. Delgado
Director do filme

Celestino Fuentes
Actor

19:30 h
CLAUSURA
Entrega de premios
Presentado por
Carlos Prado

Premios:
Sardiña de Ouro
Rañorte de Ouro
Polbo de Ouro
Rodaballo de Ouro

Premio
II Certame de
Fotografía do Mar

Actuación musical:
As Ferriñas

Exposición das obras finalistas do **II Certame de Fotografía do Mar** – MUSEO MANUEL TORRES



III FESTIVAL CINE DO MAR

SECCIÓN OFICIAL DOCUMENTAL

MARTES 21 DE ABRIL ÁS 19:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

TÍTULO

AUTOR/A

A tarefa

Alfonso O´Donnell

Un mar de mulleres

Sabela Brand

MÉRCORES 22 DE ABRIL ÁS 19:00 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

La mè a nan sa

Fernando Martín - Elsa Suárez

Si el silencio fuera azul

Gabriela Muñoz - Magdalena Fuenzalida - M^a Jesus Cardemil - Benjamin Rojas - Marc Pompermayer

Parangol

Dinko Bozanic

XOVES 23 DE ABRIL ÁS 19:00 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

En el nom de les flors




Josep Alorda

Polbeiros

Ángel Cea

Mar, sol, vent

Xacobo Sanmartín





III FESTIVAL CINE DO MAR

A TAREA

Alfonso O'Donnell

2025 - 28 min.

V. O.

Castelán-
Galego
(Subtitulada
en galego)

Sipnose:

Os furtivos e o cambio climático están a decimar a ameixa fina e a ameixa babosa nas rías gallegas. Un grupo de mariscadoras loita para remediar este desequilibrio. É un traballo extenuante e a tradición está a desaparecer con cada xeración.





III FESTIVAL CINE DO MAR


UN MAR DE MULLERES

Sabela Brand

2025 - 32 min.
V. O. Galego
(Subtitulada
en galego)

Sipnose:

Un mar de mulleres é un documental que visibiliza o papel das mulleres galegas no sector pesqueiro e na transformación do peixe, destacando a súa participación laboral, a fenda salarial de xénero e os cambios nas condicións de traballo entre o século XX e o XXI.





III FESTIVAL CINE DO MAR


LA MÈ A NAN SAN

Fernando Martín-Elsa Suárez

2025 - 20 min.
V. O. Criollo
(Subtitulada
en galego)

Sipnose:

Viaxamos a Anse-à-Pitre, Haití, unha pequena vila pesqueira na beira do mar Caribe, na procura de historias de resistencia. Durante a rodaxe, descubrimos como os seus habitantes están moi marcados polas historias que lles contaron dende a infancia e nas que chegaron a crer.





III FESTIVAL CINE DO MAR



SI EL SILENCIO FUERA AZUL

Gabriela Muñoz-Magdalena Fuenzalida
-M^a Jesus Cardemil-Benjamin Rojas-
Marc Pompermayer

2025 - 14 min.
V. O.
Castelán
(Subtitulada
en galego)

Sipnose:

Baixo a auga, hai un mundo cheo de sons: cancións, ecos, clics... Así é como moitas especies se comunican e manteñen o equilibrio do ecosistema mariño. Pero que ocorre cando o ruído que facemos os humanos comeza a filtrarse nese ambiente?





III FESTIVAL CINE DO MAR

PARANGOL

Dinko Bozanic

2024 - 27 min.
V. O. Croata
(Subtitulada
en galego)

Sipnose:

Os pescadores de alta mar croatas da illa de Vis levan séculos pescando con palangres do mesmo xeito. Nos últimos anos, outros peixes máis grandes entraron no Adriático e a pesca con palangre experimentou unha revolución. Pavle, Dino e Jerko son tres pescadores profesionais de palangre nun punto de inflexión.





III FESTIVAL CINE DO MAR

EN EL NOM DE LES FLORS

Josep Alorda

2025 - 8 min.
V. O. Catalán
(Subtitulada en
galego)

Sínpnose:

Durante unha residencia de cinema lento no festival IBZCF, un cineasta vive no campamento de vacacións Can Tomeu en Eivisa, xunto con outros artistas. Alí coñece a Isidoro, o coidador, e á súa inseparable gata, Misina. Ante unha illa cada vez máis ameazada polo turismo de masas e o desenvolvemento urbano, a cámara convértese nunha ferramenta de resistencia e observación.





III FESTIVAL CINE DO MAR

POLBEIROS

Ángel Cea

2025 - 11 min.
V. O. Castelán
(Subtitulada en
galego)

Sínpnose:

Fran Miguens é un polbeiro que herdou a tradición familiar de ir ao mar e narra en primeira persoa coma se vive un oficio que cada vez vai a menos e día a día ve perigar o seu ecosistema.





II FESTIVAL CINE DO MAR

MAR, SOL, VENT

Xacobo Sanmartín

2025 - 35 min.
V. O. Catalán-
Francés-
Castelán
(Subtitulada en
galego)

Sínpnose:

Documental que segue a rehabilitación das Salinas da Concepción en Fornells, Menorca, iniciada a mediados de 2022. Un equipo multidisciplinario, composto por enxeñeiros, arquitectos, ecoloxistas e salineros, dedícase a redeseñar e reconstruír estas salinas do século XIX utilizando técnicas artesanais e materiais de proximidade como a arxila e a pedra de marès.





III FESTIVAL CINE DO MAR

SECCIÓN OFICIAL FICCIÓN

MÉRCORES 22 DE ABRILÁS 20:00 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS


TÍTULO	AUTOR/A
<i>Buelta eta buelta</i>	Eneko Muruzabal
<i>Check-Out</i>	Alba Bestard
<i>Bajamar</i>	César Ríos
<i>Inés</i>	José Antonio Gutiérrez

XOVES 23 DE ABRIL ÁS 20:00 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

<i>El pasajero</i>	Carlos Clavijo
<i>S He</i>	Sunglim Choi
<i>Ultramarino</i>	Silvina Guglielmotti - Maren Zubeldia
<i>Nas ondas do tempo</i>	Adrián Porima

VENRES 24 DE ABRIL ÁS 19:00 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

<i>Fenicia</i>	Ainara Fernández
<i>Memórias com vista pro mar</i>	Marton Olympio





III FESTIVAL CINE DO MAR

BUELTA ETA BUELTA

Eneko Muruzabal

2025 - 3 min.
V. O. Euskera
(Subtitulada en
galego)

Sipnosa:

Na cociña familiar, unha muller prepara un plato especial para a súa misteriosa acompañante.





III FESTIVAL CINE DO MAR


CHECK-OUT

Alba Bestard

2026 - 7 min.
V. O. Catalán
(Subtitulada en
galego)

Sipnose:

Cada verán, a illa transfórmase. Para quen chega poida que sexa o paraíso; para quen vive alí, o inicio dunha conta atrás.





III FESTIVAL CINE DO MAR


BAJAMAR

César Ríos

2024 - 12 min.
V. O. Castelán
(Subtitulada en
galego)

Sínpnose:

Cada mariñeiro arrastra a súa propia tormenta. A vida empieza con un remo afundíndose na auga.





III FESTIVAL CINE DO MAR


INÉS

José Antonio Gutiérrez

2025 - 12 min.
V. O. Castelán
(Subtitulada en galego)

Sipnose:

Inés é unha ama de casa xubilada que visita a tumba do seu falecido marido a diario. Entre cigarro e cigarro, Inés confésalle ao seu marido pequenas mentiras que lle contara en vida, pero todo cambia cando aparece Mabel, unha amiga do pasado que regresou á súa cidade natal despois de 40 anos vivindo lonxe. A aparición de Mabel reabre un trauma que Inés esquecera.





III FESTIVAL CINE DO MAR

EL PASAJERO

Carlos Clavijo

2025 - 13 min.
V. O. Castelán
(Subtitulada en galego)

Sínpnose:

Vicente vive pegado á súa furgoneta e ás esixencias da súa rutina, ata o punto de descoidar o afecto da súa propia familia. Nun día marcado pola final da Campións e un traballo de última hora, recolle a Gabriel, un home enigmático que viaxa só cun pequeno maletín como equipaxe e que inmediatamente esperta os seus receos.





III FESTIVAL CINE DO MAR

S HE


Sunglim Choi

2026 - 12 min.
V. O. Inglés
(Subtitulada en
galego)

Sipnose:

Anna e Bee están en Chiang Mai. Entre elas reside un sentimento difícil de nomear. Non saben o que é, e quizais non precisen sabelo. Unha mañá, Bee marcha. Anna colle o reloxo de Bee e vai buscala.

Camiñando por rúas descoñecidas, Anna pregúntase. Estamos agarrados a unha á outra simplemente porque temos medo de estar sós?





III FESTIVAL CINE DO MAR

ULTRAMARINO

Silvina Guglielmotti-Maren Zubeldia

2025 - 18 min.
V. O. Euskera
(Subtitulada en
galego)

Sipnose:

Zazú, en pleno proceso de descubrimento da súa identidade, debe decidir se participar na celebración tradicional da súa vila asumindo un papel predeterminado ou se manterse fiel ao que realmente sente.





III FESTIVAL CINE DO MAR

NAS ONDAS DO TEMPO

Adrián Porima

2025 - 4 min.
V. O. Galego
(Subtitulada en
galego)

Sipnosa:

Pepe, un mariñeiro retirado, non consegue esquecer o que un día lle sucedeu no mar. Pasaron os anos, pero o recordo persiste na súa memoria. Agora revive unha vez máis aquela noite de tormenta mentres a marea do pasado o arrastra. Poderá realmente esquecer?





III FESTIVAL CINE DO MAR

FENICIA

Ainara Fernández

2025 - 13 min.
V. O. Castelán
(Subtitulada en galego)

Sipnose:

«Eu, a protagonista dunha lenda fenicia? Non digas parvadas, papá». Esta é a reacción inicial de Andrea á explicación do seu pai sobre unha serie de estrañas coincidencias que parecen apuntar cara a ela. Non obstante, o medo a enfrontarse á realidade levará a Andrea a ver a maxia e a lenda do seu pai con outros ollos.





III FESTIVAL CINE DO MAR

MEMÓRIAS COM VISTA PRO MAR

Marton Olympio

2026 – 20 min.
V. O. Português
(Subtitulada em
galego)

Sínpnose:

Un pintor negro de 80 anos foxe dunha residencia de anciáns buscando refuxio nun banco da praia. Alí, as lembranzas perdidas emerxen gradualmente. A medida que se atopa coas ondas do pasado, reevalúa a súa vida, debuxa novas perspectivas e reconéctase co seu fillo.





III FESTIVAL CINE DO MAR

SECCIÓN ENSINO

MARTES 21 DE ABRIL ÁS 18:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

TÍTULO	CENTRO
<i>Amar o mar</i>	CEIP Ardán
<i>Tsunami</i>	CEIP Reibón
<i>A vida no mar</i>	CEIP Seixo
<i>Calma podre</i>	CEIPP Sequelo
<i>Misterio en San Xoán</i>	CEIP Torre de Hércules
<i>Telemonstro</i>	CEIP Torre de Hércules
<i>Mariña</i>	IES Ramón Cabanillas





III FESTIVAL CINE DO MAR

AMAR O MAR

CEIP Ardán-Marín

Sipnose:

A escola de Ardán é un colexio que sempre mirou ao mar, como ese faro de luz da súa localidade. Grazas á visita ao Museo do Mar, a rapazada de Ardán indagou e reflexionou sobre a importancia que ten este elemento nas súas vidas.

A través dun relato audiovisual, tanto maiores coma pequenos, achegan algunhas das historias das nosas familias. E contan a relación tan estreita e emocional que teñen co mar, explicándonos distintos oficios ou contándonos as súas vivencias persoais.






III FESTIVAL CINE DO MAR

TSUNAMI

CEIP Reibón-Moaña

Sipnose:

Soa a alarma de tsunami e parte da poboación segue as instrucións para poñerse a salvo. Pero hai persoas que non o fan ata que o perigo é inminente. Cando a situación é extrema, os que se puxeran a salvo deciden axudalos, e todos aprenden o valor da cooperación.





III FESTIVAL CINE DO MAR

A VIDA NO MAR

CEIP Seixo-Marín

Sipnose:

Traballo feito polo alumnado de 6º de primaria no que entrevistan aos familiares para saber un pouco máis das súas VIDAS NO MAR.





III FESTIVAL CINE DO MAR

CALMA PODRE

CEIPP Sequelo-Marín

Sipnose:

A desintegración do mundo mariñeiro da vila de Marín, da súa idiosincrasia e a completa desconexión da vila co sector que a conformou, a pesca. Révisase na curta o pasado mariñeiro da vila e súa desaparición nunha poxa holandesa onde ninguén colle o lote.






III FESTIVAL CINE DO MAR

MISTERIO EN SAN XOÁN

CEIP Torre de Hércules-A Coruña

Sipnose:

No barrio de Monte Alto achégase o San Xoán. Un grupo de amigos e amigas organízase nos últimos días de cole para preparar todo para a festa: a leña, as herbas e as sardiñas. Porque non hai San Xoán sen sardiñas! Unha historia que nos leva ata as tradicións dunha das festas máis máxicas de Galiza e da nosa contorna mariñeira.





III FESTIVAL CINE DO MAR

TELEMONSTRO

CEIP Torre de Hércules-A Coruña

Sipnose:

Telexornal monstroso no que se narran as últimas novidades sobre os avistamentos de monstros mariños na contorna da Torre de Hércules e barrio de Monte Alto. Visitan o programa expertos monstrólogos que nos dan máis datos sobre estes seres arrepiantes. O tempo metereolóxico e o xogo telefónico pechan o programa.





III FESTIVAL CINE DO MAR

MARIÑEIRA

IES Ramón Cabanillas-Cambados

Sipnose:

A través de 'Mariñeira' queremos render homenaxe a todas as familias que perderon a alguén no mar. Inspirada en feitos reais e de ficción tratamos o tema do alzhéimer, unha realidade cada vez mais presente nos nosos días.





III FESTIVAL CINE DO MAR

ESCOLA CINE E MAR

Xornada escolar

24 DE ABRIL - 10:00 H - BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

TÍTULO

AUTOR/A

Marinero en tierra

Sara Ayala

L'oeuvre vive

Boris de la Higuera

Homo Plastic

Julio Pérez

CONTACONTOS

Xan nas ondas

BaraFunda Animación



III FESTIVAL CINE DO MAR


MARINERO EN TIERRA

Sara Ayala

2025 - 7 min.
V. O. Castelán
(Subtitulada en
galego)

Sipnose:

Á beira da morte, Rafael rememora a súa vida, marcada pola praia onde creceu. O Mediterráneo convértese nun símbolo constante do que deixou atrás ao mudarse a Madrid, acompañándoo dende o brillo da infancia ata o declive da vellez.





III FESTIVAL CINE DO MAR


L'OEUVRE VIVE

Boris de la Higuera

2025 - 2 min.
V. O. Francés
(Subtitulada en
galego)

Sipnose:

Á beira da morte, Rafael rememora a súa vida, marcada pola praia onde creceu. O Mediterráneo convértese nun símbolo constante do que deixou atrás ao mudarse a Madrid, acompañándoo dende o brillo da infancia ata o declive da vellez.





III FESTIVAL CINE DO MAR


HOMO PLASTIC

Julio Pérez

2025 - 71 min.
V. O. Castelán
(Subtitulada en galego)

Sínpnose:

Unha viaxe ao corazón da era do plástico. Dende as augas xeadas da Antártida ata as costas tropicais máis remotas, todo está invadido polos residuos. O documental explora como un invento que transformou o noso xeito de vida acabou alterando a propia vida. O plástico non só flota nos océanos: infiltrouse en corpos, paisaxes e historia.





III FESTIVAL CINE DO MAR

XAN DAS ONDAS

BaraFunda

CONTACONTOS

Sipnose:

Xan é un rapaz audaz ó que lle gusta moito o mar. Unha mañá descubre que non ten ondas e parece que está moi enfermo, así que emprende unha gran aventura adentrándose no máis profundo dos océanos para descubrir por que o mar non ten ondas.

Nesta viaxe Xan fará moitos amigos e coñecerá ós habitantes dos mares. ¿Conseguirá Xan salvar o mar da súa doenza?





III FESTIVAL CINE DO MAR

INAUGURACIÓN E CLAUSURA

INAUGURACIÓN

20 DE ABRIL- 19:30 H - CINE SEIXO

Rondallas

Daniel Sánchez Arévalo

CLAUSURA

24 DE ABRIL - 19:30 H - BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

San Simón

Miguel Ángel Delgado



III FESTIVAL CINE DO MAR

RONDALLAS

Daniel Sánchez Arévalo

2025 – 112 min.
V. O. Castelán

Sipnose:

Dous anos despois do trágico afundimento dun barco pesqueiro que sacodeu unha pequena vila mariñeira gallega, os veciños deciden que é hora de reavivar a esperanza e deixar atrás o loito. Reúnense para revivir a rondalla, un grupo de música tradicional que inclúe desde nenos ata maiores, co obxectivo de competir nun concurso contra as vilas veciñas, pero sobre todo, de comezar a mirar cara ao futuro unha vez máis.





III FESTIVAL CINE DO MAR


SAN SIMÓN

Miguel Ángel Delgado

2025 - 108 min.
V. O. Galego

Sipnose:

Outubro de 1936. O réxime franquista abriu campos de concentración por todo o país. Empregaron conventos, fábricas, escolas, prazas de touros, mosteiros... San Simón destaca pola súa localización insular. O réxime transformou o antigo posto de corentena nun lugar de morte onde os presos sufriron a represión rodeados dunha beleza abrumadora. Sete anos despois, Lamas lembra a historia dos homes e mulleres que, como el, sufriron a represión nesta pequena illa fronte á costa gallega.





III FESTIVAL CINE DO MAR

ACTIVIDADES PARALELAS

SHOWCOOKING

DO MAR AO PRATO

24 de abril ás 11:00 h
Espazo Emprendedor Parque Azul

LUGAR DE MEMORIA - VIAXE EN BARCO

VISITA Á ILLA DE SAN SIMÓN

26 de abril ás 9:00 h
Oficina de turismo de Marín

CONFERENCIAS E MESAS REDONDAS

MESA REDONDA: "MULLERES DO MAR:
PRESENTE E FUTURO DO MARISQUEO"

21 de abril ás 20:30 h
Biblioteca Pública Vidal Pazos

CONFERENCIA: "OS CETÁCEOS NAS RÍAS
BAIXAS"

22 de abril ás 20:30 h
Biblioteca Pública Vidal Pazos

MESA REDONDA: "A CREACIÓN
AUDIOVISUAL EN GALICIA"

23 de abril ás 20:30 h
Biblioteca Pública Vidal Pazos

MÚSICA

ACTUACIÓN MUSICAL: *AS FERRIÑAS*

25 de abril ás 19:30 h
Biblioteca Pública Vidal Pazos

EXPOSICIÓN

EXPOSICIÓN DAS OBRAS FINALISTAS DO
II CERTAME DE FOTOGRAFÍA DO MAR

Do 17 ao 26 de abril
Museo Manuel Torres



III FESTIVAL CINE DO MAR

SHOWCOOKING DO MAR AO PRATO

25 DE ABRIL - 11:00 H - ESPAZO EMPRENDEDOR PARQUE AZUL



FESTIVAL
CINE
DO
MAR

**GALICIA
SABE
AMAR**



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea

Showcooking

DO MAR AO PRATO



Chef Marcos S. Area

é Marcos S. Area
Restaurante



40 prazas
(con inscrición previa)

**ESPAZO EMPRENDEDOR
PARQUE AZUL
DÍA 25 DE ABRIL - ÁS 11:00 h**



VISITA Á ILA DE SAN SIMÓN

26 DE ABRIL – VISITA EN BARCO DESDE CANGAS COA NAVIERA MAR DE ONS
(9:00 H – AUTOBÚS DESDE MARÍN ATA CANGAS)



A Illa de San Simón, situada na Ría de Vigo, é un lugar de gran importancia histórica e natural. Cunha superficie aproximada de 17 hectáreas, as illas de San Simón e San Antón conteñen unha rica biodiversidade, con variedade de hábitats naturais, constituíndo un refuxio ideal para a vida mariña.

Esta illa, tamén coñecida como a Illa dos Monxes, foi testemuña de diversos acontecementos ao longo dos séculos, albergando importantes monumentos históricos, como o Convento de San Simón, construído no século XVII, así como diversos edificios da época na que a illa servía como estación de corentena.

O lazareto de San Simón consistía nun complexo dividido entre a illa de San Antón, onde se illaban os enfermos incurables, e San Simón, onde os viaxeiros tiñan que pasar un período de corentena antes de continuar a súa viaxe. O lazareto funcionou ata 1927.

A partir de 1936, co estalido da Guerra Civil española, os edificios da illa foron utilizados como campo de concentración e exterminio para presos políticos opostos ao réxime de Franco. Permaneceu en funcionamento ata 1943.

Os presos, sometidos a condicións inhumanas, foron distribuídos por diferentes pavillóns en condicións sanitarias e de vida deficientes. As execucións masivas non eran infrecuentes na illa. Estímase que morreron centos de presos políticos. A illa foi considerada un dos centros penitenciarios máis temidos do réxime franquista.

En 1999, as illas de San Simón e San Antón foron declaradas Ben de Interese Cultural. Hoxe en día constitúe un dos lugares principais da Memoria Democrática.



III FESTIVAL CINE DO MAR

MESA REDONDA

“MULLERES DO MAR: PRESENTE E FUTURO DO MARISQUEO”

21 DE ABRIL – 20:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Moderadora: Rita Pesqueira – Bióloga de Ardora Formación e Servizos S. Coop. Galega

Intervención: Sandra Amezaga Menéndez – Coordinadora xeral de Mulleres Salgadas
Marina Buceta Alonso – Tesoreira da Asociación Mulleres do Mar de Poio
Rita Míguez de la Iglesia – Presidenta da Agrupación de Mariscadoras de Arcade e da Asociación de Mariscadoras de Arcade

Rita Pesqueira Portas

Bióloga especialidade mariña pola Universidade de Santiago de Compostela. Con máis de 30 anos de experiencia traballando co sector marítimo pesqueiro de Galicia e doutros países..

É socia traballadora de Ardora Formación e Servizos, S. Coop. Galega, cooperativa formada por catro mulleres que traballamos na formación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos co sector pesqueiro.





III FESTIVAL CINE DO MAR

MESA REDONDA “MULLERES DO MAR: PRESENTE E FUTURO DO MARISQUEO”

21 DE ABRIL – 20:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Sandra Amezaga Menéndez

É licenciada en Ciencias Políticas e Socioloxía e Máster en Consultoría de Igualdade de Xénero. É Forma parte activa da Asociación Mulleres Salgadas desde a súa fundación, exercendo na actualidade o cargo de coordinadora xeral.

É secretaria de AKTEA, a rede europea de mulleres da pesca e da acuicultura. Forma parte da Xunta Directiva de LIFE (*Low Impact Fisheries of Europe*) e traballa no deseño de políticas de igualdade, liderado e participación das mulleres no sector marítimo-pesqueiro.





III FESTIVAL CINE DO MAR

MESA REDONDA “MULLERES DO MAR: PRESENTE E FUTURO DO MARISQUEO”

21 DE ABRIL – 20:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Marina Buceta Alonso

A Asociación Mulleres do Mar de Poio naceu no ano 2013, da que Marina foi tesoreira desde o seu inicio. O obxectivo da asociación sempre foi mellorar as condicións laborais e a calidade de vida das mariscadoras. Actualmente desempeña unha labor de divulgación do traballo das mariscadoras, con visitas guiadas para escolares e universitarios.

Marina foi mariscadora toda a súa vida e xubilouse o ano pasado. Foi presidenta da Agrupación de mariscadoras da Confraría de San Telmo.





III FESTIVAL CINE DO MAR

MESA REDONDA

“MULLERES DO MAR: PRESENTE E FUTURO DO MARISQUEO”

21 DE ABRIL – 20:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Rita Míguez de la Iglesia

Mariscadora de profesión, foi patroa maior da confraría de pescadores Virxe do Carmen de Arcade (2015-18). Presidenta da asociación de mariscadores Virxe do Carmen de Arcade dende 2019 e presidenta da agrupación de mariscadores de Arcade dende 2022. Presidenta de Anmupesca dende a súa constitución en 2016 ata 2025. E membro do Consello Galego de Pesca.

Participei en varios grupos de traballo dentro do proxecto *Blue Growth Marine Strategy for fresh fish and biotechnology*, liderado pola Autoridade Portuaria de Vigo. Participou no asesoramento e promoción na creación de asociacións como ADOMAR en Valencia, a Asociación Vara, etc.





III FESTIVAL CINE DO MAR

CONFERENCIA "OS CETÁCEOS NAS RÍAS BAIXAS"

22 DE ABRIL - 20:30 H - BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Alfredo López Fernández

Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA)

"Os cetáceos nas Rías Baixas"

Nun percorrido marítimo podemos atopar aos arroaces nas Rías, ás toniñas á altura das illas, máis alá aos golfinhos comúns e xa moi entrados no mar maior caldeiróns, arroaces botos, de novo arroaces e ao lonxe albiscar os surtidores das grandes baleas. A fauna cetolóxica da costa de Galicia evidencia a alta produción biolóxica do noso mar.





CONFERENCIA “OS CETÁCEOS NAS RÍAS BAIXAS”

22 DE ABRIL – 20:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Alfredo López Fernández

Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA)

Alfredo López Fernández

Biólogo mariño especializado na investigación e conservación de cetáceos no Atlántico nordeste, particularmente en Galicia. É doutor en Bioloxía pola USC e desenvolveu unha longa carreira dedicada ao estudo dos mamíferos mariños en augas ibéricas. Contribuíu amplamente á comprensión científica da ecoloxía, distribución e conservación dos cetáceos na rexión.

É un dos membros fundadores e científicos destacados de CEMMA, unha organización centrada na investigación, divulgación e conservación de mamíferos e tartarugas mariñas en Galicia. Coordinou numerosas iniciativas de investigación. O seu traballo foi fundamental para documentar as tendencias na mortalidade dos mamíferos mariños e comprender ameazas como as capturas incidentais na pesca ou as consecuencias dos cambio ambientais oceánicos nestas especies.

Ao longo da súa carreira, participou en colaboracións nacionais e internacionais sobre ciencia e conservación de cetáceos, contribuíndo a múltiples publicacións científicas, presentacións en congresos e iniciativas de xestión. Ademais da investigación, participa activamente na divulgación e a educación ambiental, axudando a concienciar sobre a biodiversidade mariña e os desafíos de conservación aos que se enfrontan os cetáceos na rexión.





III FESTIVAL CINE DO MAR

MESA REDONDA "A CREACIÓN AUDIOVISUAL EN GALICIA"

23 DE ABRIL – 20:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Modera: Carlos Prado – Xornalista e realizador

Interveñen: Adrián Porima – Director de *Nas ondas do tempo*

Xacobo Sanmartín – Director de *Mar, vent, sol*

Alexandre Cancelo – Guionista de *Mar, vent, sol*

Ángel Cea – Director de *Polbeiros*

Adrián Porima

Director e produtor audiovisual. Ten dirixido, entre outras:

Webserie "La última piedra" (2017); programa "A Palleira" (2021); curtametraxe "Din de nós" (2023); videoclip "No bordo da praia" de Mardeafora (2024); videoclip "A conversa" de Mardeafora (2025); curtametraxe "Nas ondas do tempo" (2025)





MESA REDONDA “A CREACIÓN AUDIOVISUAL EN GALICIA”

23 DE ABRIL – 20:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Xacobo Sanmartín

A súa primeira curtametraxe documental, *I Love Teis* (2005), foi seleccionada no Festival Play-Doc dentro da sección AvidXpresate. Entre 2009 e 2013 formou parte da película coral *O retrato filmado*, unha obra colectiva producida por Marta Andreu e o propio Play-Doc. En 2010 estrea a súa primeira longametraxe documental, *Un mar de pedra*, centrada no artista Manolo Paz. Foi seleccionada na sección oficial de Cineuropa, no OUFF de Ourense e no Play-Doc. En 2009, xa á fronte da súa produtora Madre Films, produce *Aquel sol do verán*, sobre a vida do escritor Carlos Casares. Estreouse no OUFF de Ourense.

En 2024 estrea *Mar, Sol, Vent.* Foi estreada na sección oficial do ArquiFilmFest de Santiago de Chile, e seleccionada no Festival Moss Farm de Montreal (Canadá), no Suncine (Barcelona), no Italia Green Film Festival (Roma) ou no Menorca DocFest. Paralelamente ao seu traballo documental, Xacobo participou en distintas producións de ficción como *Cumbia Callera* (2006), *Libertador* (2012) ou *A praia dos afogados* (2014), e colaborou con medios de comunicación nacionais e internacionais, construindo relatos desde a actualidade.





MESA REDONDA "A CREACIÓN AUDIOVISUAL EN GALICIA"

23 DE ABRIL – 20:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Alexandre Cancelo

Traballou como redactor para a canle de novas de BTV entre os anos 2006 e 2008. Guionista e director de *Contra a morte* (2008), documental baseado na vida de Lois Pereiro. Guionista no documental *Deixando pegada* (2010), sobre o Xacobeo 2010. Entre o 2010 e o 2015 foi xefe de desenvolvemento e contidos en Esmerarte Industrias Culturais. Guionista e produtor executivo do documental *Cociñando na fin do mundo* (2015) sobre gastronomía galega. Traballa como produtor e guionista en diversos proxectos cofinanciados polo AGADIC como *Contrafaces* (2016) ou *Border Poetry*, premiada en Curtocircuíto, Duaff e Cinalfama. Está ligado á promotora e produtora Sinsalaudio, na que destaca como director das curtas documentais *Tres días, un barco, auga e Ilha*, estreadas no Play Doc e no Rock&Doc de Los Ángeles. Director, produtor e guionista da longametraxe *7 Limbos* (2019). Guionista e produtor de *Un verano infinito* (2019), serie producida por Atresmedia para Flooxer. Guionista do documental *Xeración Nós* (2019) estreado na TVG. Produtor dos traballos multipremiados *Xoves de comadres* e *9 Fugas*, de Noe Chantada e Fon Cortizo. Guionista xefe nos programa da TVG *Sen Fronteiras* e *Tupperclub*. A partires do 2021 é xefe de contidos da plataforma 360° LiveforeVR. No 2022 entra como guionista no programa *Salvados* de La Sexta no especial sobre o afundimento do Prestige.





III FESTIVAL CINE DO MAR

MESA REDONDA “A CREACIÓN AUDIOVISUAL EN GALICIA”

23 DE ABRIL – 20:30 H – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS

Ángel Cea

Realizador audiovisual. En 2024 dirixe *O vacío do Deza*, centrada na despoboación do medio rural no interior de Galicia e codirixe *Privada Moderna*, que aborda o mobbing inmobiliario a uns veciños de Vigo por parte da Sareb. No ano 2025, codirixe e estrea a súa obra máis recoñecida: *Mar de Fóra*, unha curtametraxe documental que aborda os perigos e dificultades da migración feminina ata Canarias a través da chamada ruta atlántica.

Con *Polbeiros* completa a súa cuarta curta documental, relatando como se vive un oficio tradicional que cada vez vai a menos e día a día ve perigar o seu ecosistema.





III FESTIVAL CINE DO MAR

EXPOSICIÓN DAS OBRAS FINALISTAS DO II CERTAME DE FOTOGRAFÍA DO MAR

DO 17 AO 26 DE ABRIL – MUSEO MANUEL


HORARIOS:

MARTES A VENRES: 11.00 A 14.00 HORAS E DE 18.00 A 21.00 HORAS

SÁBADOS E DOMINGOS: 11.00 A 14.00 HORAS

FOTOGRAFÍAS GAÑADORAS DA EDICIÓN ANTERIOR:

MEXILLA
Iñaki
Abella



TEMPO SÓ
NO MAR
Daniel
Ribó



ATARDECER NOS
PARQUES DE CARRIL
Iñaki
Abella



III FESTIVAL CINE DO MAR

ACTUACIÓN MUSICAL AS FERRIÑAS

25 DE ABRIL – BIBLIOTECA PÚBLICA VIDAL PAZOS
ACTO DE CLAUSURA



As Ferriñas:

Son un grupo de mulleres que teñen como principal obxectivo desfrutar do canto tradicional e da pandeireta, da man do mestre Alberto Lago, coñecido dabondo polo seu amplo currículo no mundo da música e coa axuda inestimable de Javier, o gaiteiro das Ferriñas. Dentro do seu repertorio hai moita variedade: xotas, muiñeiras, pasodobles, maneos...

As Ferriñas é un grupo aberto e vivo, en constante crecemento. Por el pasou xente que xa non está na actualidade e xente nova, de recente incorporación. Na actualidade, está formado por 20 mulleres, entre os 80 e os 33 anos.



III FESTIVAL CINE DO MAR

O PRESENTADOR DO FESTIVAL

CARLOS PRADO PAMPÍN



Biofilmografía:

Xornalista Audiovisual e Técnico Superior de Imaxe, tras pasar por a Radio e a prensa en Vigo, en 2008 ficha pola La Sexta, na delegación de Galicia, onde sigue traballando como reporteiro. Como guionista e director ten realizado multitude de traballos.

Entre os documentais podemos destacar os seguintes:

Valle Inclán, unha vida por Galicia (2004); *Se desnuda el alma* (2005), 1º premio mellor documental "Rodríguez Cadarso", USC; *Os Xenerais do Ulla* (2007) 1º premio mellor documental "RODRÍGUEZ CADARSO", USC; *El camino del burro* (2008); *Homes de xeo: galegos na Antártida* (2017); *Devolvendo o golpe* (2021), premio do público e do xurado mellor documental e premio *Ex Aequo* a mellor documental no Cine Inclusivo de Vigo; e *Chelito* (2025), premio do público Polbo de Ouro no II Festival Cine do Mar.

Entre as curtametraxes de ficción:

Deus Jano (2005), 2º premio mellor curta de ficción no Ponte tonto, Ponte tonta, Xunta de Galicia; *Curriculum Vitae* (2006) 1º Premio mellor curta de ficción "Curtas na rede", Xunta de Galicia, na categoría "Xuventude"; *Tebras* (2006), 1º premio mellor curta de ficción "Rodríguez Cadarso", USC; *Alí e alá* (2007), 1º Premio mellor curta de ficción "Curtas na rede", Xunta de Galicia, na categoría "Inmigración"; *Encontros na terceira idade* (2007), accésit "Curtas na rede", Xunta de Galicia; *Vellas* (2008), finalista nos Mestre Mateo a mellor curta de animación, 1º Premio mellor curta de ficción "Curtas na rede", Xunta de Galicia, na categoría "Sexualidade e xuventude", premio do público do FormAcción de Vedra, e unha decena de premios e seleccións en festivais nacionais e internacionais.



III FESTIVAL CINE DO MAR

O XURADO

ANXOS FAZÁNS

Biofilmografía:

A Estación Violenta (2017) é a súa primeira longametraxe, coa que viaxa por varios festivais como o Festival de Cinema Europeo de Sevilla, BAFICI, D'A Film Festival, SANFIC ou Cinespaña Toulouse. Recibe ademais unha Mención de Honra no Festival Internacional de Cali e oito candidaturas aos Premios Mestre Mateo.

Tamén as súas últimas curtametraxes forman parte de diversos festivais: *Habitar* (2023) seleccionada no D'A Film Festival, Play-Doc e o Festival Internacional de Cinema de Xixón, e *Analóxica* (2019) que compite en BAFICI e Curtocircuíto.

En 2018 funda xunto a Silvia Fuentes a produtora galega *Sétima*, dende onde traballa na produción de proxectos doutros directores como Javier Ferreiro, Zeltia Outeiriño, Ángel Filgueira, Sara Traba, Berio Molina ou Álvaro Gago.

Actualmente distribúe a súa segunda longametraxe como directora e guionista, *As liñas descontinuas*, producida por Sétima e Sideral, que tivo a súa estrea mundial na sección oficial do Tallinn Black Nights Film Festival, e que formou parte así mesmo da sección oficial Albar do FICX de Xixón. *As liñas descontinuas* foi nominada na categoría de mellor filme e Anxós Fazáns na de mellor dirección e mellor guión orixinal nos Mestre Mateo 2026.





O XURADO

NATI JUNCAL

Biofilmografía:

Fundou *Cósmica Producións* en 2018 xunto coa directora Sonia Méndez, onde se encarga do relativo á produción executiva e dirección de produción dos proxectos.

Ate o momento levaron a cabo os seguintes títulos: *As Neves* (Sonia Méndez), Premio Mestre Mateo á Mellor Longametraxe no 2025; *O neno sardiña* (Lucía Estévez, 2022), finalista nos Premios Mestre Mateo; *A poeta analfabeta* (Sonia Méndez, 2020); *Antes de perder* (Sonia Méndez, 2019), serie web emitida en Playz-RTVE e premiada co Mestre Mateo á mellor webserie de 2020.

Foi directora de produción de filmes como *Lúa Vermella* (Lois Patiño, 2020), *Matria* (Álvaro Gago, 2022), *A foreign song* (César Souto, 2023), *Prefiro condenarme* (Margarita Ledo, 2024) e *As liñas descontinuas* (Anxos Fazáns, 2025).

É delegada do CIMA en Galicia e membro da xunta directiva da Asociación Galega de Produtores Independentes.

En 2024, foi seleccionada por Variety como unha das dez produtoras españolas emerxentes e recibiu o Premio Mestre Mateo á Mellor Dirección de Produción por *Matria*. En 2025, recibiu o Premio Mulleres no Foco organizado por CIMA e a Deputación de Pontevedra.





III FESTIVAL CINE DO MAR

O XURADO

GASPAR BROULLÓN

Biofilmografía:

Gaspar Broullón é realizador, editor e produtor audiovisual, especializado en ficción, documental e televisión.

Licenciado en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), na actualidade é profesor asociado de Dirección e Realización Audiovisual na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, compaxinando o seu labor docente coa súa actividade no sector audiovisual.

Gañador de 4 premios Mestre Mateo á mellor montaxe polo seu traballo nas series *Hierro* e *Rapa* (Movistar+), a súa traxectoria como montador desenvólvese no campo da ficción (*Weiss&Morales* -TVE- ou *AugaSeca* -TVG-) e o documental (as gañadoras do Mestre Mateo *Manoliño Nguema* e *El País de Nomeacuerdo* ou máis recentemente *Rabo de Peixe*, para Netflix).

Como realizador dirixe diferentes programas de televisión entre os que destaca *Deportes Imposibles*, para AMC, que lle vale o Mestre Mateo á mellor realización.

En 2016 funda con Pepe e Jorge Coira a produtora *Olo Vivo*, desde onde produce longametraxes de ficción como *O Corpo Aberto* (2022) ou *Eroski-Paraíso* (2019) e documentais como *Beiras. Vivir 2 Veces* (2021) ou *Chichi e máis eu* (2024).





III FESTIVAL CINE DO MAR

PREMIO HONORÍFICO *LUZ DE FARO*

CARLOS BLANCO





PREMIO HONORÍFICO *LUZ DE FARO*

CARLOS BLANCO

Filmografía:

Premios:

2019 Premio *Pedigree*. Festival de Cans.

2017 Mellor actor Festival Internacional de Cine Fantástico Nocturna Madrid.

2013 Mellor actor por "Mal de Sangre". Festival de Cans.

2006 Mellor Actor: Festival de cortometrajes de Arona. Tenerife. "TEMPORADA 92-93". Dir. Alejandro Marzoa.

2006 "MESTRE MATEO", por "HEROÍNA". Dir. Gerardo Herrero

2006 MARIA CASARES DE TEATRO, pola adaptación da novela "TICTAC", de Suso de Toro.

2006 MARIA CASARES DE TEATRO. Nominado a mellor actor por "DIRECTAMENTE PACO", da que é autor e director.

Televisión:

2025 "El Crimen de Pazos". Bambu. Dir. Carlos Sedes. Netflix.

2025 "CALDAS". Secuoya. Dir. Jorge Saavedra.

2025 "A CORAL". TVG.

2024 "4 ESTRELLAS". RTVE.

2023 "LOS AÑOS NUEVOS". Dir. Rodrigo Sorogoyen.

2023 "ASUNTA". Dir. Carlos Sedes. Bambú Producciones para Netflix.

2022 "RAPA II" Dir. Jorge Coira, Elena Trapé. Portocabo TV para Movistar.

2019-21 "LA UNIDAD". Dir. Dani de la Torre. Movistar.

2021 "LA CASA DE PAPEL" Netflix.

2020 "LOS REYES DE LA NOCHE". Movistar.

2019-20 "LOS FAVORITOS DE MIDAS". Dir. Mateo Gil. Netflix.

2019-20 "ANTIDISTURBIOS". Dir. Rodrigo Sorogoyen. Movistar.

2020 "TRES CAMINOS". Amazon.

2017 "FARIÑA". Dir. Carlos Sedes e Jorge Torregrosa. Antena 3.

2012 "CON EL CULO AL AIRE". Antena3.

2012 "LOS MISTERIOS DE LAURA". TVE.

2011 "HOSPITAL CENTRAL". Tele 5.

2010 "14 DE ABRIL". TV MOVIE.

2010 "EL SÍNDROME CACARECO: LA VERDAD EN LA CARA". Tv Movie.

2008 "UNA BALA PARA EL REY". Tv Movie, Antena 3.

2008 "LOS ATLANTICOS". TVG.

2008 "MA MORTA PICA NA PORTA". TV Movie.

2007-08 "EL COMISARI". Tele5.

2008 "FAMILIA MATA". Antena 3.

2006 "EL CIRCULO ROJO". Antena 3.



PREMIO HONORÍFICO *LUZ DE FARO*

CARLOS BLANCO

Filmografía:

Televisión:

2006 "EL PARTIDO". Tv Movie. Dir. Juan Calvo.
2005 "LOS SERRANO". Tele 5.
2005 "ECOS". Dir. Oriol Paulo. Tvmovie.
2004 "LOBOS". Dir. Jacobo Rispa. Antena 3.
2003-04 "TERRA DE MIRANDA". TVE
2003 "EL CLUB DE LA COMEDIA". Globomedia. Tele 5.
2003 "DELTA". Dir. Oriol Ferrer. TV Movie.
2003 "HOSPITAL CENTRAL" Dir. Jacobo Rispa. Tele 5.
2003 "UNA NUEVA VIDA" Dir. César Rodríguez. Tele 5.
2003 "CÓDIGO FUEGO". Dir. Eva Lesmes. Antena 3.
2002 "SECUESTRADOS EN GEORGIA" Dir. Gustavo Balza. TV Movie.
1998-02 "MAREAS VIVAS". Co-protagonista para TVG.
1999 "COMPAÑEROS". Antena 3.
1999 "PRATOS COMBINADOS". TVG.
1999 "A FAMILIA PITA". TVG.
1999 "CON PERDON". Programa de humor, presentado por Alberto Comesaña. TVG.
1999 "SITIO DISTINTO". Dir. Anton Reixa. TVG.
1999 Presentador "O GRAN CAMIÑO". Dir. Antonio Segade: TVG.
1999 "SOMOS UNHA POTENZIA". Dir. Carlos Blanco. TVG.
1999 "A FAMILIA MUDANZA". Dir. Antón Reixa. TVG.
1999 "SABER E GANAR". Dir. Hugo Stiven. TVG.
1999 "A REOCA". Dir. Xosé A. Perozo. TVG.
1999 "SELECCION GALEGA". Dir. Antón Reixa. TVG.

Cine:

2025 "MARIA MARTINEZ RUIZ NO PUEDE VOLVER". Dir. Oscar Bernàcer Martínez.
2024 "RONDALLAS". Dir. Daniel Sanchez Arévalo.
2017 "DHOGS". Dir. Andrés Goteira.
2014 "LA PLAYA DE LOS AHOGADOS". Dir. Gerardo Herrero.
2011 "LA ESTRELLA". Dir. Alberto Aranda.
2011 "SILENCIO EN LA NIEVE". Dir. Gerardo Herrero.
2010 "A SINDROME CACARECO". Dir. Breogán Riveiro.
2006 "UNA MUJER INVISIBLE". Dir. Gerardo Herrero.
2006 "TEMPORADA 92-93". Dir. Alejandro Marzoa. Curtametraxe.
2005 "TRASTORNO". Dir. Fernando Cámara.



PREMIO HONORÍFICO *LUZ DE FARO*

CARLOS BLANCO

Filmografía:

Cine:

2005 "VOLVER". Dir. Pedro Almodóvar.
2005 "HOTEL TIVOLI". Dir. Antón Reixa.
2005 "CARGO". Dir. Clive Gordon.
2004 "HEROÍNA ". Dir. Gerardo Herrero.
2004 "PARA QUE NO ME OLVIDES". Dir. Patricia Ferreira.
2002 "EL LAPIZ DEL CARPINTERO". Dir. Anton Reixa.
2001 "EL ALQUIMISTA IMPACIENTE". Dir. Patricia Ferreira.
2000 "SÉ QUIÉN ERES". Dir. Patricia Ferreira
1998 "LA GABARDINA". Dir. E. Puceiro (curtametraxe).
1998 "UN HOTEL DISTINTO". Dir. F. Xustes (curtametraxe).
1997 "CONTADOR". Dir. Manuel Abad (curtametraxe).

Teatro:

2023 "SIBARIS", de Domingo Villar Dir. Lois Blanco.
2022 "TERCER CUERPO", texto e dirección de Claudio Tolcachir.
2021 "Atraco, paliza y muerte en Agbanäspach", de Nao Albet e Marcel Borrás.CDN
2018 "SOMOS CRIMINAIS", con Xosé A. Touriñan.
2008 "HUMOR NEGRO". Dir. Carlos Blanco.
2004 "DILLEI". Dir. Carlos Blanco. Musical.
2001-02 "O PAIS DA COMEDIA".

Director e guionista:

Carlos Blanco. "GALILEO GALILEI" de Bertold Brecht. Dir. Eduardo Alonso.
"HISTORIA DEL ZOO" de Edward Albee. Dir. Eduardo Puceiro.
"DOBERMAN" de Antón Reixa. Dir. Quico Cadaval.
"A FIESTRA VALDEIRA" de Rafael Dieste. Dir. Xulio Lago. C.D.G.
"DIAS SEN GLORIA" de R. Vidal Bolaño. Dir. Quico Cadaval.
"LOS JUSTOS" de Albert Camus. Dir. Eduardo Alonso.
"THE DAYS BEFORE" Dir. Robert Wilson.

Autoría/Dirección:

Ten realizado múltiples montaxes de pequeno formato na súa propia compañía desde fai dezaseis anos. Experiencia en radio e como guionista para "MAREAS VIVAS".

FESTIVAL

ORGANIZA:



INSTITUCIÓN:



PATROCINAN:

Diario de Pontevedra



//ABANCA



COLABORAN:



CINE SEIXO



CINE DO MAR